


FERNANDO SANTIAGO

MASTERCLASS SOBRE O ESTILO BARROCO DIRIXIDA A
INSTRUMENTISTAS DE CORDA E CONFERENCIA

“DESCIFRANDO O ESTILO BARROCO”

- DATA: 14 DE MARZO DO 2024
 - 10:00 Conferencia: “Descifrando o estilo barroco” aberta a todo o alumnado e profesorado que desexe asistir.
 - Clases maxistras de 60' abertas ao alumnado de corda do CSM da Coruña (máximo 6 estudantes)
 - Prezos: alumnado do CSM da Coruña 45€
 - Ingreso na conta: ES04 2080 0042 5931 1000 0181
 - Concepto do ingreso: "MASTERCLASS DE FERNANDO SANTIAGO"
 - Inscricións e contacto: enviar un email a clandris@edu.xunta.gal cos datos básicos e adxuntando o xustificante do abono da matrícula
 - DATA LÍMITE DE INSCRICIÓN: 29 de febreiro do 2024



Fernando Santiago concluíu con distinción os seus estudos de violonchelo, cun minor en pedagogía, no Real Conservatorio da Haia con Lucia Swarts, Dmitri Ferschtman e Anner Bylsma, e, posteriormente, na Universidade das Artes de Tokio con Hidemi Suzuki. Fernando ten colaborado con músicos como Lucy van Dael, Emma Kirkby, Vera Beths, Barthold Kuijken, Jacques Ogg, Daniel Cuiller, Alfredo Bernardini ou Chiara Banchini, ofrecendo numerosos recitais no Xapón, España, Portugal, Francia, Italia, Malta, Alemaña, Suíza, Croacia, Hungría, República Checa, Polonia, Bélxica e os Países Baixos. Como docente, foi profesor de violonchelo barroco, entre 2016 e 2023, na ESMAE (O Porto), e impartiu cursos de perfeccionamento e masterclasses no CSM da Coruña, CMUS de Santiago de Compostela, CMUS de Lugo, a Asociación de Violonchelistas de Galicia, a Escola Profesional de Música de Espinho, a Joven Orquesta Barroca de Andalucía, a Consellería de Educación e Universidade da Xunta de Galicia ou os Cursos Internacionais de Música Antiga da MAAC (Música Antiga Asociación Cultural). Fernando é doutorando na Universidade de Santiago de Compostela, onde forma parte do grupo de investigación Organistrum e do proxecto Arquivo do Teatro Pregoldoniano. Tamén publicou as "Cantatas para soprano y continuo" do compositor Giacomo Facco (Dairea, 2021), e participou no VIII Encontro da Mocidade Investigadora da USC e no XI Encontro da Sociedade Portuguesa de Investigación en Música.